

CONSELLO TERRITORIAL DE SAN XIAO

Data: 06 de novembro de 2023

Lugar: Local Social de San Xiao

Hora de comezo: 18:00 h

Hora de remate: 19:30 h

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Olga Ameneiro (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Manuel Antonio Ramos Rodríguez (Concelleiro de Servizos)
- Silvia de Arriba Fernández (Partido dos Socialistas de Galicia)
- Germán Castrillón Permuy (Partido Popular)
- Marta Grandal (Bloque Nacionalista Galego)
- Luis Doce Dopico (AVV de San Xiao)
- María Álvarez Lama (AVV de San Xiao)
- Gustavo Hermida Salido (AVV de San Xiao)
- Ángel Nieto Picos (AVV de San Xiao)
- Javier Varela García (AVV de San Xiao)
- José Alberto Casteleiro Fraga (AVV de San Xiao)
- Alberto Martínez Pita (AVV de San Xiao)

Veciñanza asistente:

- María Dolores Teijeiro Mouriz (veciña de San Xiao)
- Manuela Castro Gómez (veciña de San Xiao)
- Estefanía Bacelo Filgueiras (veciña de San Xiao)

Xunto con Eva Paola Bermúdez Porras en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

Benvida e apertura

Olga Ameneiro dá a benvida a todas as persoas participantes e explica o sentido dos Consellos territoriais e o dereito de intervención segundo o Regulamento de Participación Cidadá, que pode ser consultado [neste enlace](#).

Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

ORDE DO DÍA

1.Revisión das necesidades/propostas compartidas nos últimos Consellos Territoriais. Deixamos un espazo ás persoas asistentes para que seleccionen as tres cuestións prioritarias para a veciñanza de Doso, para poder falar delas con máis calidade. A continuación, abrimos outro espazo para seguir compartindo as necesidades.

2. Compártense, por medio dunha rolda, **novas necesidades/propostas**, ás que na medida do posible se responde no propio Consello Territorial, incorporando aquelas que precisen de estudo ou revisión á folia de seguimento.

3. Resposta por parte do Goberno local, así como recollida de intervencións por parte do resto de Concelleiras/os da Corporación.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Comezamos a sesión dedicando o primeiro espazo a que as persoas asistentes revisen o listado de temas de anteriores Consellos territoriais para poder seleccionar os que teñen maior prioridade.

Actualización do estado das cuestións recollidas en anteriores CT:

- Local social:
 - Presión da auga: A asociación informa de que o local social ten problemas coa presión da auga. Infórmase de que hai unha valoración feita e que o Concello está en procura de financiamento para solucionar esta cuestión. Intentarase que entre nos orzamentos do 2024.
 - Instalación térmica: Pendente de revisar a instalación térmica, que está a fallar e estragou varios electrodomésticos.
 - Fiestras: Necesidade de reparar e/ou cambiar algunhas fiestras do local social.
 - Corredor do local social con desnivel: Infórmase desta cuestión concreta do local social para que se teña en conta á hora de intervir.
 - Calefacción: Infórmase do custe que supón a calefacción e a necesidade de atopar unha solución máis axeitada.
Dende o Concello, teñen coñecemento destas distintas necesidades e informan de que irán buscando solucións e informando a asociación veciñal.
- Seguridade e mantemento viario:
 - Estrada da Deputación: Infórmase de que o PSdG estivo en conversas coa asociación veciñal e coa Deputación para que se comprometeran a arranxar esta estrada. Durante este mes deberían acudir persoas técnicas a revisar a estrada e aparecer na proposta inicial de orzamentos da Deputación. A veciñanza e as persoas representantes dos distintos grupos políticos insisten na necesidade de reiterar esta

petición e entre o Concello e a veciñanza acordan presentar unha nova solicitude á Deputación conxunta e facer seguimento. Menciónanse a Estrada de San Xiao e a Estrada do Trece.

- Colectores de lixo: A veciñanza informa de que os camións ao recoller o lixo dos colectores, non os coloca no sitio exacto; e que algúns teñen unha mala ubicación para a seguridade viaria. Recóllese esta información para comprobar como atopar unha solución (se sería viable que tiveran unha base para colocar no sitio ou como). Tamén se recolle a información de que, en ocasións, teñen caído bolsas (ou non se recollen as colocadas ao carón do colector). Os colectores máis conflitivos son:
 - No nº 277 da estrada xeral.
 - No aparcamento do local social están os colectores ocupando espazo dos coches. Está en proceso.
 - Camiño de Sardaña: Non hai colectores porque non entra o camiión, o que provoca que varias casas teñan que desprazarse uns 300/400 metros ata os colectores.
- Comunicación: Menciónase a necesidade de actualizar os contactos na páxina web do Concello de Narón. Dende o Concello darase traslado a Informática.
- Auga: Infórmase de que hai unha preinstalación realizada, mais hai que montar uns depósitos que tecnicamente complica a xestión, polo que de momento non está prevista a instalación.
- Alumeado: Pregúntase por unhas luces en concreto e o Concello informa de que se están a renovar por todo o Concello con subvencións. Comezan polas zonas prioritarias nas que a luz está a fallar (para xa facer a renovación a LED's) e continúan polas que menos necesidade teñen. En San Xiao mudaron algunhas, mais o resto están pendentes.
- Seguridade dos pasos de peóns: A veciñanza informa do perigo dos pasos de peóns de noite, xa que non hai visibilidade. Solicítase sinalización con luz para aumentar a seguridade. Proponse revisar esta cuestión e valorar a opción máis axeitada.
 - Necesidade dun paso de peóns á altura da Igrexa (365 DP-5401): A veciñanza informa de que non ten un paso de peóns para ir á igrexa, o que provoca que moitas persoas crucen por la estrada da Deputación de forma insegura. A notificar á Deputación e valorar algunha alternativa para esta zona.
- Actividades de ciberseguridade: Valórase a proposta de actividades de ciberseguridade debido ao aumento de fraudes e a inseguridade que isto provoca

- Horario bus: Solicítase que se coloquen os horarios dos autobuses nas paradas para que a veciñanza coñeza os servizos, o poidan empregar e se manteñan eses servizos.
- Transporte alumnado: Solicítase tamén a modificación do horario do tren para que o alumnado do instituto poida facer uso para ir e volver das aulas. O autobús non está a cumprir co horario e isto dificulta a posibilidade de estudar, sobre todo para o alumnado do bacharelato, que se atopa sen opcións ou coa obriga de estudar noutros concellos. O Concello recollerá esta necesidade que ten o alumnado e realizará un estudo para valorar alternativas que dea servizo ás necesidades.

Rematamos o Consello pechando aqueles temas do listados que xa damos por pechado, como por exemplo a necesidade de apertura da cantina, a sinalización do local social, as propostas de cultura e deportes.

PECHE

Péchase a sesión con Olga Ameneiro agradecendo a asistencia e a participación das asistentes e a súa vontade de traballar nas demandas da veciñanza.

En San Xiao, a 06 de novembro de 2023.

A Secretaría